

NA PROCURA DUN ESPAZO PROPRIO

Materiais para coeducar

dia 8 de marzo celebra-se o Dia Internacional da Muller pero nos libros de texto non se recolle esta data.

Por que o 8 de Marzo?: Foi o Congreso Socialista Internacional da Muller, celebrado no 1910 en Copenhague, e a proposta de Clara Zetkin, quen declarou o 8 de marzo como Dia Internacional da Muller en lembranza dos acontecimentos que tiveron lugar na mesma data de 1908. Aquel dia, segundo algunhas fontes, 129 mulleres do téxtil de Nova York morrian queimadas dentro da fábrica na que estaban pechadas loitando polos seus dereitos: xornada laboral de 10 horas e melloras salariais.

A situación das mulleres na sociedade, ten mudado moito respeito daqueles anos. Hoxe as mozas son máis libres do que o foron as suas nais e avoas. Pero as cousas non mudaron tanto como seria de desexar. As diferéncias de gustos, aptitudes ou de roles na vida ainda son tratadas como xerarquia. O que facemos as mulleres segue-se silenciando e valora-se menos que o feito polos homes.

Sen embargo, o sistema educativo resiste-se a comprender que se discrimine por razón de xénero. Esta resisténcia non se basea en nengun tipo de análise xa que cando se analisa entende-se e comprende-se esta discriminación.

Coa reforma educativa, no currículo da educación primária e secundária aparece como un dos temas transversais a educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos. A nosa preocupación porque estas formulacións non se queden no plano exclusivamente teórico, leva-nos a facer propostas de traballo nas aulas.

Nesta ocasión propomos-vos unha série de actividades dirixidas a reflexionar sobre a limitación que supón, para as mulleres, a dedicación ao mundo do privado (atención aos demais, traballos domésticos,...), dedicación esta que ten impedido a sua participación no mundo público (político, laboral, sindical,...). Este terreo do público considerado como superior dentro da orde xerárquica establecida, é ocupado polos homes, que, ao mesmo tempo, se desentenden do mundo do privado.

As actividades permiten-nos coñecer e debater nas aulas os espazos que ocupamos homes e mulleres, a división do traballo en función do sexo, as distintas visións do mundo segundo o xénero,... .

Esperamos que vos animedes a participar nestas actividades e a potenciar o traballo coeducativo tan necesario no ensino.

Compostela, Febreiro 1995

ACTIVIDADE 1

Taxas de actividade por sexo e grupos de idade

Obxectivos

1. Comprender e criticar as clasificacións da povoación.
2. Observar as diferéncias nas porcentaxes en función do sexo.
3. Aprender a facer representacións gráficas.

Taxas de Actividade

Idades	Mulleres	Homes
De 16 a 19 anos	14,0	22,1
De 20 a 24 anos	46,5	63,7
De 25 a 54 anos	61,6	92,2
De 55 e mais	19,7	29,3
Total	39,5	61,5

Fonte: Enquisa de Poboacón activa en Galicia.
1º trimestre 1994. IGE. Xunta de Galicia.

Nas clasificacións da povoación distingue-se entre povoación activa e inactiva. Consideran-se persoas **activas** as que están ocupadas e paradas; son **inactivas** as amas de casa, estudantes, persoas xubiladas,...

Proposta de traballo

a. Consideras adecuado cualificar ás amas de casa co termo inactivas?.

b. Fixa-te nas fortes diferéncias nas taxas de actividade por sexos e calcula as taxas de inactividade a partir dos dados da táboa

c. A que cres que se debe esta forte diferéncia por sexos?

d. Saberias recoller todos os dados nunha só representación gráfica?. Comenta-a.

ACTIVIDADE 2

Composición por sexos do Parlamento galego

Obxectivos

1. Coñecer a distinta representación por sexos no Parlamento galego.

2. Relacionar estes dados cos da participación das mulleres na vida laboral (ver actividae nº 1) e doméstica (ver actividade nº 3).

3. Aprender a facer representacións gráficas e cálculos de porcentaxes.

Cadro nº 1

Composición por sexos. Parlamento galego

Total	Mulleres	Homes	% Mulleres
75	10	65	13,33

ACTIVIDADE 2

Cadro nº 2

	Mulleres	Homes	Totais
PP	6	37	43
PSOE	2	17	19
BNG	2	11	13

Dados dos resultados electorais do 17/10/93.

Proposta de traballo

a. As porcentaxes obtidas responden ás porcentaxes reais de homes e mulleres ou amosan unha gran desviación?. En que sentido?.

b. Fai un comentário dos dados ofrecidos na cadro nº 1 e dá representación gráfica.

c. Utiliza a información do cadro nº 2, calcula as porcentaxes e fai representacións gráficas. Comenta os resultados.

d. Compara a participación das mulleres no laboral (ver actividade nº 1), no doméstico (ver actividade nº 3) e no político. Escrebe catro conclusións relacionando os dados.



ACTIVIDADE 3

Tempo adicado ás tarefas domésticas

Obxectivos

1. Aprender a confeccionar e interpretar gráficas.

2. Analisar as diferéncias nos tempos adicados ás tarefas domésticas en función do sexo e da situación laboral.

Tempos adicados ás tarefas do fogar
(número de horas ao dia por termo medio)

Amas de casa	7 h. 12'
Muller con traballo remunerado	4 h. 48'
Home con traballo remunerado	1 h. 6'

Incluen-se os seguintes traballos domésticos: alimentación, limpeza vivenda, limpeza roupa e calzado, compra comida, costura e coidado crianzas.

Fonte: INSTITUTO DE LA MUJER (1988): Uso del tiempo desde la doble perspectiva de la conducta femenina y masculina. Madrid. Instituto de la Mujer.

Proposta de traballo

a. Confecciona gráficas distintas cos dados anteriores e elixe aquela que che pareza máis adecuada.

b. Comenta a gráfica elexida anteriormente.

c. Tendo en conta que aos tempos adicados ás tarefas do fogar haberia que sumar-lle a xornada laboral realizada fóra da casa, compara a situación das mulleres con traballo remunerado coa dos homes con traballo remunerado.

ACTIVIDADE
4

Cualidades e accións para dous nomes

Obxectivos

1. Dar-se conta de cales son os estereotipos que nos imos formando respeito ao noso e ao outro sexo.

2. Analisar e criticar o porqué destes papeis tan distintos dos homes e das mulleres.



Propostas de traballo

a. Escrebe nun fólio, ao redor da palabra Home e Muller, dez adxectivos e dez accións ou verbos (trata-se de escreber espontaneamente).

b. Anotar no encerado os adxectivos ou accións referidas a mulleres e a homes.

c. Discutir en pequenos grupos os resultados obtidos. Posta en comun e debate na aula. (Tentará-se que se manifesten as raibas, indignacións ou sorpresas ante os "papeis"- estereotipos que nos encarceran).

ACTIVIDADE
5

Os teus personaxes preferidos

Obxectivos

1. Indagar nos próprios sentimentos para facé-los conscientes, asumindo e respeitando os meus sentimentos e os das outras e outros.

2. Analisar os rasgos comuns que teñen os personaxes masculinos e femininos.

3. Coñecer as accions, cualidades e sentimentos diferentes que, segundo o xénero, expresan os personaxes.

	Personaxes masculinos	Personaxes femininos
Accións (Verbos)		
Cualidades (Adxectivos)		
Sentimentos		

Proposta de traballo

a. Enche o cadro cos personaxes famosos masculino e feminino cos que te identificas.

b. En pequenos grupos, ver as cualidades, accións e sentimentos comuns e diferentes para os personaxes masculinos e femininos.

c. Posta en comun das conclusións obtidas nos grupos de traballo.

d. Debate no conxunto da aula tentando sacar conclusións acerca de sentimentos e atitudes cara ás mulleres e cara aos homes, buscando tanto as cualidades como os defectos.

ACTIVIDADE 6

O meu percorrido espacial durante unha semana

Obxectivos

1. Dar-se conta dos espazos frecuentados ao longo da semana.

2. Analisar as diferéncias que se dan segundo as distintas variabeis (lugar onde se viva, condición social, ...) e en especial en función da variábel sexo).

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
Mañá							
Tarde							
Noite							

Propostas de traballo

a. Anota os espazos percorridos no seguinte cadro.

b. Onde che teria gustado ir ao longo da semana. Por que non o fixeche?.

c. Que limitacións horarias tiveche?. A que se deberon?.

d. Compara os espazos reais e imaxinários percorridos polas mozas e polos mozos.

ACTIVIDADE
7

Sair do espazo doméstico

Obxectivos para actividades nº 7 e 8

1. Tomar conciéncia dos diferentes espazos ocupados por mulleres e homes.

2. Analisar as implicacións que ten para as mulleres o espazo que se lles adxudica e ocupan.

3. Reflexionar sobre o uso da linguaxe como veículo de valores e prexuízos sexistas.

4. Coñecer e valorar as limitacións que a dependéncia económica impón ás mulleres.

Texto

«En toda a literatura clásica española aparece con frecuéncia un adxectivo hoxe case en desuso, e que chama a atención por non vir nunca usado máis que en xénero feminino: refíro-me ao de "ventanera". Cualificar a unha muller de ventanera aparella sempre unha marcada carga de censura nos textos onde o atopei reseñado(...)

Fray Antonio de Guevara, por exemplo, di nas suas *Epístolas familiares:*

> "Guardaos de ser vana, liviana, ventanera, habladora y chocarrera, porque con las damas de esta estofa y librea huélganse los hombres en Palacio de hablar y huyen de se casar." (...)

A atribución de lebiandade ás mulleres ventaneras –acepción recollida aínda na nosa literatura contemporánea por Gabriel y Galán e por García Lorca– corre parella coa exaltación do encerro como panacea. O próprio fray Luis de León (...) conclue prescribindo de forma taxante e autoritária:

ACTIVIDADE 7

"Como los hombres son para lo público, así las mujeres para el encerramiento, y como es de los hombres hablar y salir a la luz, así de ellas el encerrarse y el encubrirse." (...)

Poucos repararon na significación que a ventá tivo entón e tivo sempre para a muller recluída no fogar, condenada á pasavidade e á rutina. Quen pode, sen embargo, nen puido nunca negarlle á muller o consolo de mirar pola ventá e de sacar-lle partido aos ensoños e meditacións que pode acarrear-lle esta trégua nas tarefas que tantas veces sente como agobiantes e insatisfatórias? A ventá é o ponto de referéncia de que dispón para soñar dende dentro o mundo que bule fora, é a ponte tendida entre as beiras do coñecido e o descoñecido, a única brecha por onde pode botar a voar os seus ollos na busca doutra luz e outros perfís que non sexan os do interior, que contraste con estos.»

(Traducido do libro de Carmen Martín Gaite: *Desde la ventana.* Madrid. Espasa Calpe, 1987)

ACTIVIDADE 7

Dados sobre a autora

Carmen Martín Gaite, nacida en Salamanca no 1925, é unha das escritoras españolas actuais máis coñecidas. Na súa extensa obra destacan novelas como *Entre visillos* (1957), na que retrata a vida dunhas xóvens na posguerra; *Ritmo lento* (1963), *Retahílas* (1974), *Fragmentos de interior* (1976), *El cuarto de atrás* (1978) ou *Nubosidad variable* (1992). Escrebeu tamén contos, relatos fantásticos en ensaios sobre diversos temas, entre os que destacan os que estudan as relacións das mulleres coa literatura (*Desde la ventana*), ou os costumes de mulleres e homes en distintas épocas (*Usos amorosos del dieciocho en España* e *Usos amorosos de la posguerra española*).

Propostas de traballo

a. Que sentido ten a palabra "ventanera" no texto? Por que se aplicaba só as mulleres?

b. Que acepcións pode ter, para ti, a palabra "ventanera"? Con cal ou cales desas acepcións poderia ser utilizada en masculino?

c. Indica as principais características do espazo privado doméstico.

d. Explica o que quere dicir Carmen Martín Gaite cando fala da ventá como "un ponto de referéncia", "a ponte tendida" ou "a única brecha".

ACTIVIDADE
8

A necesidade dun espazo próprio

Texto

«A liberdade intelectual depende de cousas materiais. A poesía depende da liberdade intelectual. E as mulleres sempre foron pobres, non só durante douscentos anos, senón desde o princípio dos tempos. As mulleres gozaron de menos liberdade intelectual que os fillos dos esclavos atenienses. As mulleres non tiveron, pois, a menor oportunidade de escreber poesía. Por iso insistin tanto sobre o diñeiro e sobre o ter unha habitación própria.»

(Traducido do libro de Virginia Woolf: *Una habitación propia.* Barcelona. Seix Barral, 1980).



Dados sobre a autora

Virginia Woolf (Londres, 1882-1941), escritora inglesa educada nun ambiente erudito e culto, tivo contactos con personalidades artísticas, literárias e políticas do seu tempo (formou parte do Grupo de Bloomsbury, chamado así polo nome do barrio de Londres onde vivían a maioria dos seus compoñentes).

ACTIVIDADE 8

Xunto co seu marido fundou a Editorial Hogarth Press, que presentou a escritoras e escritores que nese momento aínda non tiñan fama, como foron Katherine Mansfield e T.S. Eliot.

Una habitación propia (1929) é a sua gran contribución ao feminismo. Neste ensaio crítico reivindica a necesidade de independéncia económica e persoal das mulleres para escreber obras. Outras obras: *La Señora Dalloway, Al Faro, Las olas* e *Orlando.*

Propostas de traballo

a. Explica o que quere dicer Virginia Woolf coa seguinte frase: "E as mulleres sempre foron pobres, non só durante douscentos anos, senón desde o princípio dos tempos".

b. Cres que a independéncia económica é fundamental para conseguir a independéncia persoal? Razoa a túa resposta.

c. Nos libros sobre literatura aparecen moitas menos escritoras que escritores. A que cres que é debido isto?

d. O libro ao que pertence o texto leva por título *Una habitación propia.* Pensas que é tan importante para as mulleres dispoñer dun espazo próprio? Por qué?

Bibliografia utilizada

ALTABLE Ch. (1991): *Penélope o las trampas del amor.* Colección Forum Didáctico. Madrid. Mare Nostrum.

DURAN M.A. (1987): *De puertas adentro.* Serie estudios. Madrid. Instituto de la Mujer.

INSTITUTO DE LA MUJER (1994): *La mujer en cifras.* Madrid. Instituto de la mujer.

INSTITUTO DE LA MUJER (1988): *Uso del tiempo desde la doble perspectiva de la conducta femenina y masculina, en el marco de la población económicamente no dependiente.* Madrid. Instituto de la Mujer.

INSTITUTO DE LA MUJER (1994): *De otra manera. Cuadernos de educación de adultas.* Madrid. Instituto de la Mujer e M.E.C.

INSTITUTO GALEGO DE ESTATISTICA (1994): *Enquisa de poboación activa en Galicia. 1º trimestre de 1994.* Santiago. I.G.E.

MARTIN GAITE C. (1987): *Desde la Ventana.* Madrid. Espasa Calpe.

VV.AA. (1991): *El comentario de textos: aspectos cautivos.* Colección Forum Didáctico. Madrid. Mare Nostrum.

WOOLF V. (1980): *Una habitación propia.* Barcelona. Espasa Calpe.

Edita:
Concello de Santiago. Concellería da Muller

Elaborado por:
Colectivo de Mulleres Ensinantes "Do Rosa ao Violeta"

© Ilustración ▮ Deseño Gráfico:
Uqui CEBRA

Imprime: Grafisant, S.L.
Depósito legal: C-214-95

Edita:

CONCELLO DE SANTIAGO
Concellería da Muller

Elaborado por:

Colectivo de Mulleres Ensinantes
"Do Rosa ao Violeta"